

a ter como única ordenanza a 4.5 de zonas para outras institucións.

O obxecto da modificación dá cumprimento ao artigo 94 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, respecto dos fundamentos das modificacións do planeamento urbanístico.

De conformidade co sinalado no artigo 93.4º da Lei 9/2002, as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Terminada a fase de elaboración da modificación puntual, e inmediatamente antes da súa aprobación inicial, o concello remitiu o expediente a informe preceptivo desta consellería, que foi emitido o 10-7-2003, de conformidade co disposto no artigo 85.1º da Lei 9/2002.

O Pleno do Concello o 27-10-2003 acordou a aprobación inicial, publicada en prensa e no *Diario Oficial de Galicia* do 19-12-2003, co resultado da fase de información pública que consta no expediente tramitado e aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello o 30-3-2004.

Revisado o documento relativo á modificación puntual de PXOU no ámbito do PERI de Fátima, e analizados os aspectos sinalados no artigo 85.7º da Lei 9/2002 LOUG, considérase que foron emendadas sanadas as observacións contidas no anterior informe desta consellería.

De conformidade co disposto no artigo 89.1º da Lei 9/2002, a competencia para a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

En consecuencia, de conformidade co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e cos informes xurídico e técnico do Servizo de Inspección Territorial de Pontevedra, e por proposta da Dirección Xeral de Urbanismo,

#### *DISPOÑO:*

##### Artigo 1º.

Aprobar definitivamente a modificación puntual do PXOU no ámbito do PERI de Fátima, do concello de Vigo.

##### Artigo 2º.

De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente no BOP.

#### *Disposición derradeira*

Contra esta orde cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tri-

bunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2005.

Alberto Nuñez Feijóo

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 22 de marzo de 2005 pola que se publica a convocatoria para a concesión de axudas a conservatorios de música non dependentes desta consellería e de titularidade pública.*

O artigo 64.2º da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, BOE do 24 de decembro, de calidade da educación, clasifica como centros docentes públicos aqueles que teñen como titular un poder público. Así pois, os conservatorios de música dependentes de concellos teñen a consideración de centros públicos.

Ademais das accións que leva a cabo esta consellería na creación, dotación e sostemento dos conservatorios de música da súa titularidade, determinados concellos da Comunidade Autónoma de Galicia veñen desenvolvendo unha importante labor coa iniciativa de creación e co sostemento de centros públicos que imparten as ensinanzas regradas de música que sinala o artigo 39.1º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

A implantación do novo sistema educativo establecido pola mencionada lei exixelles aos titulares destes conservatorios adaptacións estruturais, que precisan dos orzamentos necesarios para o cumprimento dos requisitos mínimos que fixa o Real decreto 389/1992, do 15 de abril (BOE do 28 de abril), e o currículo que establece o Decreto 253/1993, do 29 de xullo (DOG do 25 de outubro).

En consonancia coa política desta consellería, á vista da crecente demanda das ensinanzas de música e coa finalidade de prestar apoio ás iniciativas doutros entes públicos para o fomento, difusión e extensión destas ensinanzas,

#### *DISPOÑO:*

Primeiro.-Facer pública a convocatoria de axudas destinadas a subvencionar o funcionamento, no desenvolvemento das súas actividades docentes, dos conservatorios de música non dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

e de titularidade pública que radiquen na Comunidade Autónoma de Galicia, desde o 1 de xaneiro de 2005 ata o prazo límite de xustificación de gastos.

Segundo.-Poderán solicitar estas axudas os titulares dos conservatorios de música sinalados no punto anterior que conten coa correspondente autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao final do prazo establecido para a presentación de solicitudes que se dispón no punto cuarto desta orde.

Terceiro.-O importe total das axudas será de cincocentos mil euros (500.000 €) e librarase con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.322E.460.1 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Esta contía poderá incrementarse na medida en que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio económico do ano 2005.

En calquera caso a contía máxima da axuda por beneficiario non poderá superar a cantidade de corenta e cinco mil euros (45.000 €).

Cuarto.-As solicitudes, segundo o modelo de instancia e mais o anexo que figura nesta orde, xunto coa documentación xustificativa correspondente, dirixiranse ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e presentaranse no rexistro xeral da consellería, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares que sinala o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), no prazo de corenta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

A solicitude debe ir xunto coa seguinte documentación:

a) Breve memoria descritiva dos obxectivos que se pretenden alcanzar mediante as actividades que se realicen no ano 2005.

b) Fotocopia cotexada da tarxeta de identificación fiscal.

c) Orixinal ou fotocopia cotexada de certificación bancaria a nome do solicitante, na cal conste o número de conta na que desexe que se lle ingrese, se é o caso, o importe da axuda.

d) Declaración xurada de ter solicitado, ou non, axuda para a mesma finalidade doutras administracións ou entes públicos.

Quinto.-Na valoración de solicitudes teranse en conta, polo menos, os seguintes aspectos:

1. Número de alumnos/as matriculados/as no curso 2004/2005.

2. Número de especialidades instrumentais impartidas

3. Número de profesores/as e tempo de dedicación.

4. Dimensións das instalacións.

5. Volume de orzamento do conservatorio.

6. Importe total que o centro percibe do alumnado no curso escolar 2004-2005 pola impartición de clases.

A concesión das axudas realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva.

Sexto.-A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos solicitantes.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na documentación que se xunta á solicitude será comunicada polo solicitante á mencionada dirección xeral, para os efectos previstos no punto duodécimo desta orde.

Sétimo.-Baixo a presidencia da directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión encargada de valorar as solicitudes presentadas, que estará integrada por:

-O xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

-O xefe do Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos.

-Un/unha representante da Inspección Central.

-Un/unha asesor/a de ensinanzas artísticas da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

-Un/unha funcionario/a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a con voz e sen voto.

A comisión poderá solicitar, en todo momento, a asistencia daqueles/as funcionarios/as que considere oportuno, que no caso de acudir ás reunións desta farano con voz e sen voto.

Oitavo.-A comisión elaborará unha proposta provisional de adxudicación das axudas que se lles notificará aos/ás interesados/as para que estes, no prazo de dez días hábiles, poidan formular as alegacións que consideren oportunas. Valoradas as alegacións, a comisión elevará a proposta definitiva de adxudicación das axudas ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para a resolución que proceda.

Noveno.-A orde de concesión de axudas ditada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de seis meses contados desde a publicación da convocatoria. As solicitudes denegadas serán motivadas.

No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, os solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes.

A resolución, que esgotará a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

Décimo.-As axudas estarán condicionadas aos orzamentos dispoñibles e irán destinadas a sufragar os gastos de carácter fixo e recorrente que se especifiquen no anexo.

O pagamento realizarase de conformidade co disposto nos artigos 16º e 17º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro). En todo caso, o beneficiario presentará antes do 15 de outubro de 2005 a xustificación completa.

Para que se poida dar curso aos libramentos, os solicitantes deberán achegar certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

Ademais, de acordo co artigo 15.4º do mencionado Decreto 287/2000, do 21 de novembro, no momento da xustificación e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

A xustificación deberá facerse sobre a subvención total concedida e, de non facerse pola totalidade, minorarase a subvención en proporción á contía xustificada.

As xustificacións referidas serán dirixidas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela.

Décimo primeiro.-A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a través dos ser-

vizos provinciais de inspección, realizará o seguimento da aplicación das axudas nos conservatorios beneficiarios destas, facendo, cando menos, dúas visitas anuais.

Así mesmo, o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Décimo segundo.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda ou, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, tal como se establece no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG do 5 de novembro), polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Décimo terceiro.-Nas comunicacións, publicidade e propaganda dos conservatorios de música que obteñan axuda, deberá figurar o logotipo da Xunta de Galicia, xunto coa da seguinte expresión literal Centro subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Décimo cuarto.-O beneficiario da axuda deberá proceder ao reintegro das cantidades recibidas e mais os xuros de demora, de conformidade co disposto no artigo 78.10 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e polas causas que nel se citan.

#### *Disposición adicional*

No non previsto nesta orde haberá que averse ao Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os artigos 78 e 79 do referido decreto legislativo, modificados pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas de réxime financeiro e administrativo, así como ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en que non se contrapoña.

#### *Disposición derradeira*

Facúltase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A CONSERVATORIOS DE MÚSICA NON DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED314C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO CONSERVATORIO

DENOMINACIÓN			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## DATOS DO SOLICITANTE

TITULAR			CIF
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## Na súa representación:

DON / DONA			DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

Coñecendo a convocatoria de axudas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para conservatorios de música non dependentes dela, segundo a orde do \_\_\_\_\_

## SOLICITA

Axuda por importe total de \_\_\_\_\_ euros (máximo 45.000 €), que aplicará en \_\_\_\_\_

## DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR

- |  |   |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA DOS OBXECTIVOS E ACTIVIDADES. | <input type="checkbox"/> ORIXINAL OU FOTOCOPIA COTEXADA DE CERTIFICACIÓN BANCARIA.                    |
| <input type="checkbox"/> TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL COTEXADA.        | <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DE TER SOLICITADO, OU NON, AXUDA PARA A MESMA FINALIDADE. |

## DECLARACIÓN XURADA:

Declaro baixo xuramento que todos os datos da solicitude así como dos anexos son certos.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 22 de marzo de 2005 pola que se publica a convocatoria para a concesión de axudas a conservatorios de música non dependentes desta consellería y de titularidade pública.*

*Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos ditos graos (DOG do 25 de outubro).*

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE Ó/A REPRESENTA

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2005

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

## NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

*Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria.*  
*Dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.*



## 4. INSTALACIONES

DEPENDENCIA *	m <sup>2</sup>	HORAS DE UTILIZACIÓN Á SEMANA
<b>TOTAL m<sup>2</sup>.....</b>		

\* Indíquese segundo corresponde: aulas, sala de profesores, servizos, despachos, cabinas, etc.

## 5. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O PERÍODO SUBVENCIONABLE (EN EUROS)

	CONCEPTO	IMPORTE
<b>A.- DE CARÁCTER FIXO</b>	OBRAS MENORES DE REPARACIÓN _____	_____
	PARA REPARACIÓN E MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO _____	_____
	<b>A.- TOTAL GASTOS DE CARÁCTER FIXO</b>	_____
<b>B.- DE CARÁCTER RECORRENTE (nos cales se incorre todos os anos)</b>	DE FUNCIONAMENTO _____	_____
	DE PERSOAL DOCENTE _____ NON DOCENTE _____	_____
	<b>B.- TOTAL GASTOS DE CARÁCTER RECORRENTE</b>	_____
	<b>TOTAL (A+B)</b>	_____ €

## 6. IMPORTE TOTAL QUE O CENTRO PERCIBE DO ALUMNADO NO CURSO 2004-2005 POLA IMPARTICIÓ DE CLASES

IMPORTE TOTAL QUE PERCIBE DO ALUMNADO	TOTAL
	_____ €

*Orde do 28 de marzo de 2005 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público de catro bolsas de colaboración en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e se anuncia a súa convocatoria.*

O artigo 1º do Decreto 454/2003, do 26 de decembro, en harmonía co artigo 27 do Estatuto de autonomía para Galicia, establece a competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a promoción e ensino da lingua galega e o fomento da investigación.

Dentro do plan de actividades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para 2005 figura a convocatoria pública de bolsas de investigación para realizar proxectos concretos sobre lingüística, literatura, antropoloxía e historia galegas, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

O seu outorgamento enmárcase dentro das funcións atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no artigo 3 do Decreto 25/1993, do 11 de febreiro (DOG nº 34, do 19 de febreiro), de creación e posta en funcionamento do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, modificado polo Decreto 330/1997, do 13 de novembro (DOG nº 227, do 24 de novembro de 1997).

Na súa virtude, apróbanse as seguintes

#### BASES:

##### Primeira.-Obxecto.

O concurso ten por obxecto a adxudicación de catro bolsas de colaboración nos proxectos concretos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e que se inclúen como anexos a esta orde, nos cales se detallan os requisitos específicos que deben reunir os solicitantes.

##### Segunda.-Contía das bolsas.

O importe das bolsas incluirá:

-Unha asignación mensual de 800 euros, coa retención fiscal que corresponda, que será incompatible con calquera outra axuda ou actividade remunerada.

-Seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

Para o gasto que se proxecta existe crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 07.06.353E.480.2, por unha contía máxima total de 20.600 euros (19.200 euros correspondentes ao pagamento das mensualidades e de 1.400 euros para o pagamento da asistencia sanitaria) correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

O pagamento da bolsa realizarase mensualmente, logo do informe do director de investigación, sempre que os traballos se desenvolvan con normalidade e de acordo coas bases establecidas.

##### Terceira.-Duración.

A data de incorporación ao centro será dentro dos cinco días seguintes ao da notificación da adxudicación. As/os bolseiras/os que non se incorporen no

prazo establecido perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, salvo causa xustificada de atraso apreciada polo coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro.

A concesión da bolsa será ata o día 31 de decembro do 2005, e poderase prorrogar anualmente ata un máximo total, incluídas as prórrogas, de tres anos, á vista do traballo realizado polo bolseiro/a, sempre que o proxecto ao cal estea vinculado requira do seu labor e así o permitan as disponibilidades orzamentarias. No suposto de prórroga, a dotación económica poderá incrementarse de acordo co índice de prezos ao consumo que se estableza para cada ano.

##### Cuarta.-Requisitos xerais:

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea.

b) Estar en posesión do título de licenciado/a.

c) Acreditar coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento.

d) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración ou institución como consecuencia de expediente disciplinario.

e) Non poderán participar nesta convocatoria persoas que, reunindo estes requisitos, resultasen beneficiarios dunha bolsa ou contrato en concursos anteriores do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

##### Quinta.-Solicitudes.

As solicitudes, no modelo que se xunta como anexo, irán dirixidas ao coordinador-científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e entregaranse na sede deste (estrada Santiago-Noia, km 3, A Barcia, 15896 Santiago de Compostela), ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Entregarase unha solicitude por cada proxecto ao que a persoa se queira presentar. Só será necesaria unha única documentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG, acompañadas da documentación seguinte:

-Certificación académica persoal completa.

-Curriculum vitae, acompañado de cantos documentos poidan avalalo.

-Acreditación de coñecemento de lingua galega nivel perfeccionamento.

-Fotocopia do DNI ou pasaporte.

-Declaración xurada comprometéndose a renunciar, se fose seleccionado, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas, e tamén de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración nin institución pública como consecuencia de expediente disciplinario.

-Declaración xurada de non percibir outras axudas ao inicio e ao remate da bolsa.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto,